



# SOCIOLOXÍA DAS LITERATAS NA GALICIA DO REXURDIMENTO. A SINGULARIDADE DO PENSAMENTO FEMINISTA DE ROSALÍA DE CASTRO

**Iria González Liaño**  
Universidade de Vigo

## **1. Aproximación ó contexto histórico e sociocultural: Rosalía iniciadora do Rexurdimento**

Previamente á eclosión cultural do Rexurdimento, Galicia pasara por varios séculos de inactividade literaria, os Séculos Escuros, froito da imposición caciquil que desprezaba o uso do galego e do centralismo da monarquía castelá, que marxinara a rexión e a sumira nun estado de inmensa pobreza á que se enfrontaba a grande maioría da poboación galega, fundamentalmente rural. As vellas estruturas do Antigo Réxime imperaron en Galicia ata ben entrado o século XVIII e milleiros de galegos víronse obrigados a emigrar a terras de Castela ou América pola necesidade de atopar un medio de subsistencia.

Pese a todo, neste período de subdesenvolvemento tanto das condicións de vida coma da cultura xurdiron numerosas tentativas de loita polo recoñecemento da lingua e literatura galegas. Así, as obras dalgúns representantes do estamento eclesiástico, coma as do Padre Feixoo, do Padre Sarmiento ou do cura de Fruíme, constitúen as primeiras reflexións en defensa da nosa lingua e deron paso ó movemento de recuperación da cultura galega, o Rexurdimento, no XIX coa publicación de *Cantares Gallegos* (1863). Esta obra inicia, sen dúbida, un período de clara ideoloxía romántica, que exaltaba a lingua e a conciencia nacional dos galegos e que, en palabras do profesor Alonso Montero (1972: 29) “é a que inicia en plenitude ese renacer da literatura galega”.

É curioso constatar que esta obra fundacional da literatura galega fora escrita por unha muller e que por vez primeira, recibía o estatus de obra literaria, polo que fora avaliada pola crítica do momento cos mesmos criterios cos que se xulgaban as obras de autoría masculina.

## 2. Socioloxía das literatas na Galicia decimonónica

Para comprender en profundidade o papel que desempeñou Rosalía de Castro no panorama literario da época a través dos seus escritos circunscritos nuns condicionamentos sociais determinados, así como a dimensión literaria galega e mesmo “universal” que acadou a súa literatura, cómpre ter unha visión histórica do papel representado polas mulleres creadoras ó longo da historia da literatura galega.

En termos xerais, pódese afirmar a escasa presenza de mulleres no campo da creación artística e literaria ata o noso século, en comparación co inmenso número de obras con firma masculina que engrosaron o canon da Literatura denominada Universal. ¿É que non houbo mulleres capaces de expresar as súas reflexións ou imaxinacións por escrito? A resposta podémola atopar na existencia dun sistema patriarcal dominante no que non tiña cabida a actividade intelectual das mulleres. Aquelas que se aventuraban a escribir non só sufrían a indiferencia ou o menosprezo da sociedade senón que tampouco podían acceder a unha formación básica, quedando a súa función relegada ó papel de coidadora da familia e do fogar.

Con todo, a historia fálanos de mulleres dedicadas á literatura, sobre todo de orixe popular e folclórica e de tradición oral. Isto contrasta coa fixación e a importancia acadada pola literatura escrita, máis “cultura” e “profunda”, feita por homes. A marxinalidade que sufrían as mulleres conduciu tamén a unha marxinalidade das súas actividades creativas. Pero a existencia de mulleres inventoras de cantigas e relatos é un feito comprobado sobre todo en Galicia, coas famosas cantigas de amigo do cancionero medieval que están escritas desde unha perspectiva feminina, ou nos Séculos Escuros, coa voz de Isabel de Castro e Andrade, condesa de Altamira, que poderíamos considerar como a primeira escritora galega. Aínda que só se conserva un poema seu en galego, comprendemos ata qué punto o seu labor foi considerado marxinal e insignificante que nin sequera houbo unha preocupación por recopilar e preservar a obra literaria dunha muller.

Non obstante, houbo representantes do sexo masculino que defenderon a capacidade cultural da muller, que por causas históricas dependera sempre do home e quedara relegada ó ámbito do fogar. Un exemplo foi o Pai Benito Jerónimo Feijoo (1676-1764), que no texto *Defensa de las mugeres* da súa obra *Teatro crítico universal* expón a seguinte afirmación:

Hombres fueron los que escribieron esos libros en que se condena por muy inferior el entendimiento de las mujeres. Si mujeres los hubiesen escrito, nosotros quedaríamos debajo.

O século XIX foi un período decisivo para a creación literaria feminina xa que coincidiu cun avance nos costumes sociais que permitiu o debate sobre o papel da muller na sociedade. Así, mentres existían partidarios do modelo “anxo do lar”, é dicir, que opinaban que a muller debía ocuparse do coidado da familia e do fogar, unha vertente liberal, como era o krausismo, apostaba pola instrución das mulleres como medio para acadar o progreso da humanidade. De feito, os liberais, que contaban coa oposición dos tradicionalistas, respectaban

o papel da muller como educadora no espazo privado, abríndolle, á vez, as portas á esfera do espazo público, como podía ser a literatura:

Muchas mujeres brillarían si no se alzase el hombre a cada paso, diciéndoles que al tomar la pluma usurpan un derecho al que sólo ellos les está concedido. [...] El hombre español le permite a la mujer ser frívola, vana, aturdida, ligera, superficial, beata y coqueta, pero no le permite ser escritora. (Flaquer 1877: 211)

Este pensamento formulado por María Jimeno de Flaquer interpretábase como unha transgresión dos límites da femineidade, xa que o acto da escrita pertencía exclusivamente ó home, e o feito de que as mulleres escribisen era considerado unha usurpación do instrumento masculino do poder. Sen embargo, as mulleres deste século estaban decididas a rachar coas normas que identificaban a actividade creadora e receptora da literatura co mundo masculino, e lanzáronse á acción, naturalizando o acto de escribir, é dicir, argumentando que escribir era algo natural e mesmo indispensable na vida dunha muller (Blanco 1991).

Podemos citar aquí varias escritoras da corrente romántica que a pesar da súa exígua obra, fixeron algunha incursión na literatura galega do XIX. A maioría delas deixaron a súa produción impresa nas publicacións femininas da época ou déronse a coñecer a través dos concursos literarios que se celebraron no territorio galego. As máis sobranceiras foron a poetisa Clara Corral Aller (Ourense, 1847-A Coruña, 1908), Filomena Dato Muruais (Ourense, mediados do século XIX-Sada, 1926)<sup>1</sup>, Sarah Escarpizo Lorenzana (Cangas do Morrazo, 1878), que dirixiu a publicación *El ángel del hogar* e é autora dos versos en galego recollidos na súa obra *Meu Leres*, Avelina Valladares Núñez (A Estrada, 1825-1902), Emilia Calé (A Coruña, 1837-Madrid, 1908), que dirixiu unha tertulia na capital chamada Galicia Literaria e Francisca Herrera Garrido, Fanny Garrido (A Coruña 1869-1950) culta escritora do romántico tardío e fiel seguidora de Rosalía, que frecuentou os círculos literarios da alta sociedade galega.

Outras escritoras contemporáneas son dúas mulleres que xunto con Rosalía conforman as tres figuras simbólicas do feminismo decimonónico: a xurista Concepción Arenal e a escritora Emilia Pardo Bazán. Elas manifestaron abertamente as súas posicións en contra da discriminación da muller e a favor do seu acceso á educación, no ámbito xornalístico e literario respectivamente.

De feito, a Condesa Emilia Pardo Bazán captou perfectamente os valores feministas de Rosalía, xa que ámbalas dúas escritoras non encaixaban na literatura feminina da época. Así, declarou á morte de Rosalía que non debía ser considerada unha poetisa, senón un “poeta verdadeiro”, pois como explica Carmen Blanco (1991: 33), “o feminino de poeta adquirira unhas claras connotacións pexorativas, derivadas do menosprezo social das creacións literarias das mulleres, que, igual que as masculinas, estaban marcadas sexualmente”. Con esta denominación masculinizada, de acordo coas estruturas patriarcais da linguaxe, “Pardo Bazán consegue equiparala ós

<sup>1</sup> En 1887 obtivo un premio nun certame literario en Ourense en honor ó Padre Feijoo polo seu poema “Defensa das mulleres”. De acordo coas bases do certame só podían concursar aquelas obras baseadas na defensa da muller, tal e como reivindicou ó longo da súa vida o sabio beneditino.

creadores masculinos, diferenciándoa, ó mesmo tempo, das escritoras que se amoldan ó rol feminino tradicional”. Así o manifestaba a propia Rosalía nun poema de *Follas Novas*:

Daquelas que cantan as pombas i as frores  
Todos din que ten alma de muller  
Pois eu que n’as canto, Virxe da Paloma  
¡ai!, ¿de que a terei? (O.C.: 269)

Observando as actuacións individuais destas mulleres, podemos destacar os trazos comúns que unen a estas escritoras que participaron activamente, a través das súas colaboracións periódicas, no sistema literario galego decimonónico:

- A maioría das literatas que xurdiron en Galicia entre as décadas dos 60 e 70 eran mulleres relativamente cultas, con coñecementos dos mecanismos da literatura, que eran capaces de manexar diversos repertorios, non só os “propicios para a muller”, coma no caso de Rosalía, que rachou cos modelos para elas impostos e atreveuse a publicar obras de contido político e reivindicativo. Mais a pesar desta recoñecida erudición, tíñanse que enfrontar a un autodidactismo forzoso, a través das lecturas que facían das escasas obras ás que tiñan acceso. Se ben algunhas delas criáronse nun ambiente aristocrático ou burgués que lles permitiu frecuentar os círculos culturais máis importantes do país e do estranxeiro (como a Condesa Emilia Pardo Bazán), a maioría acadou os seus logros literarios gracias ás súas inquietudes intelectuais e a un grande esforzo persoal.

- Son coñecedoras, a través de traducións, da literatura europea da época, en concreto da literatura do sistema cultural modelo por excelencia, o francés, con autores tales como Victor Hugo, Dumas, Chateaubriand, George Sand ou Madame de Staël, estas últimas escritoras de prestixio, que actúan como modelos de referencia para as galegas. Aquí a tradución desempeña un papel fundamental para acceder á literatura foránea escrita noutras linguas, pero tamén para importar novas correntes literarias.

- Amosan un sentimento positivo común para con Galicia e coa súa lingua, aínda sen normalizar. Esta identificación e defensa da súa terra reflíctese na escolla da temática máis achegada ó ensalzamento da paisaxe, ou dos costumes e tradicións así como ás preocupacións polo atraso da rexión, polo que podemos dicir que participan na creación do subsistema literario galego.

- O espírito relixioso-humanista común a todas elas, herdanza do sistema moral e educativo, inflúe decididamente na súa produción, dende o seu repertorio, estilo, tipo de publicación... ata a súa actitude perante o feito literario. Así, cultivaban a lírica dos sentimentos, o instinto da caridade e do recollemento con Deus, temas que se consideraban íntimamente ligados á natureza sensible da muller, educada na doutrina católica.

- Cabe salientar un certo afán de encubrimento que afectaba a estas mulleres escritoras á hora de publicar os seus escritos. A maioría delas opúñase á dimensión pública das súas obras e xustificaban este rexeitamento do éxito literario polo carácter íntimo e persoal da escrita. Coñecemos o seu labor polos textos que apareceron en revistas ou almanaques, xa que moitas escritoras non chegaron nunca a editar un libro de seu. Esta despreocupación pola súa actividade creativa levounas mesmo a rachar ou queimar os seus manuscritos (é coñecida a orde que Rosalía, antes de morrer, deu á súa filla primoxénita de destruír os seus textos inéditos, entre os que se atopaban varias obras rematadas). Esta conducta obsesiva respondía, en palabras de Carmen Blanco (1991: 44), “a unha visión hiperautocrítica propia da súa condición de muller e derivada do medio hostil que lles esperaba como acollida á obra de autoría feminina”. Rosalía pon este pensamento en boca dun dos personaxes de *Las Literatas. Carta a Eduarda*:

Yo, (...) irritada contra los necios y las musas, abrí mi papelerá y rompí cuanto allí tenía escrito, con lo cual, a decir verdad, nada se ha perdido (O.C.: 290)

- É moi interesante resaltar a presenza dun sentimento de autoxustificación constante, porque o seu traballo non era avaliado coma o dos homes dedicados á mesma profesión. Sufrían a concepción negativa da condición de escritora, xa que mentres as obras masculinas eran “universais”, as femininas eran “femininas” e polo tanto, infravaloradas ou avaliadas como subcategoría dentro do sistema literario galego.

- Cabe subliñar o sentimento de solidariedade co grupo que se percibía a través de citas de autoridade, apelando deste xeito a unha certa tradición literaria feminina. Así, estas escritoras minoritarias e marxinalizadas desenvolveron unha rede interna de apoios que lles daban folgos á hora de adentrarse no mundo da escrita. O prólogo de *La hija del mar* contén numerosas referencias a heroínas do mundo da literatura, da política, das artes ou da relixión. Pero é na dedicatoria de *Cantares Gallegos* (1863) a Fernán Caballero onde Rosalía plasma a súa admiración pola autora ó tempo que reivindica o dereito da muller á escritura:

A Fernán Caballero

Señora: Por ser mujer y autora de unas novelas hacia las cuales siento la más profunda simpatía, dedico a usted este pequeño libro...

- Os condicionamentos sociais que tiñan que afrontar as mulleres escritoras condicionaron en grande medida o seu estilo literario. Deste xeito, as súas reflexións máis críticas amosábanse no texto a través de recursos como a ironía, a ambigüidade e os xogos de palabras, mentres que os elementos femininos abundaban na poesía de temática amorosa, na novela romántica e no ensaio social que escribían en revistas, folletíns e almanaques da época, de ámbito divulgativo e dirixidas a un público familiar. Esta escolla do repertorio e do xénero veu motivada polo espazo restrinxido reservado á muller; así a lírica convértese na súa canle de expresión por estar tradicionalmente

ligada ós sentimentos e por ser considerada un xénero inofensivo e intimista ó contrario cá prosa, moito máis combativa e obxecto de vixiancia e censura, sobre todo para un público feminino novo, que podía recibir ideas perigosas e revolucionarias.

- Son consideradas “escritoras de provincia”, pertencentes a un subsistema cultural periférico e afastado dos núcleos culturais do poder, representados por Madrid, ou dentro do macrosistema europeo, Francia. Así, estas mulleres afrontan unhas dificultades engadidas, por non estaren inscritas dentro da tradición dunha literatura normalizada. A isto hai que lle engadir o alto índice de analfabetismo da poboación, comparado co reducido número de lectores e escritores, que no plano feminino decrecía aínda máis (só o 5% das mulleres sabían ler e escribir), polo que as produtoras eran as mesmas consumidoras. Deste xeito, a escrita feminina resultaba anecdótica, esporádica e mesmo extravagante.

- A pouca relevancia concedida a estas escritoras no panorama literario da época relegounas a unha posición marxinal con respecto ás obras dos seus homólogos masculinos, e máxime se estas pertencían a un mundo rural e escribían nunha lingua minoritaria e menosprezada, como era o caso de Rosalía. Con todo, a súa procedencia aristocrática ou burguesa, ou ben o seu vencellamento cos movementos liberais fixeron que estas damas non pasaran desapercibidas e que as súas obras ocuparan un lugar relevante a pesar do ambiente hostil que as rodeaba.

En suma, a pesar de tódalas barreiras existentes á creación literaria da muller, elas enfrontáronse á realidade, sen pseudónimos para reflexionar abertamente, empregando a literatura como “tribuna pública”.

### **3. Singularidade da escrita rosaliana: natureza do seu pensamento feminista**

Rosalía preséntase como primeiro estandarte intelectual das reivindicacións sociolóxicas das mulleres, aínda que ela non foi deliberadamente feminista nin plenamente consciente do labor que estaba a desenvolver a través da súa creación literaria. Mais deixou patente a situación de inferioridade na que se atopaban as mulleres, sobre todo as que pertencían a dous mundos que lle eran familiares: a muller do rural e a muller escritora. As súas protestas foron rotundas pero veladas, debido ós condicionamentos sociais da época e ó propio temperamento de Rosalía e para iso empregou a ironía e a sátira para denunciar os comportamentos masculinos que relegaban á muller a una posición secundaria e submisiva con respecto do home.

A problemática social, e por extensión a condición feminina, constituíron o alicerce das obras rosalianas, que reflectían unha tráxica e dolorosa realidade existencial. Os contidos femininos e feministas en contra da discriminación social da muller, considerada o sexo menos favorecido polo pensamento patriarcal da época así como polas circunstancias adversas (a economía rural

e caciquil ou a emigración), repítense ó longo de toda a súa obra a través dun enfoque de solidariedade e comprensión dos sentimentos alleos.

Baixo influencias literarias de corte liberal, e fustigada pola súa propia situación persoal, Rosalía atrevese a plasmar por escrito as súas reivindicacións máis íntimas e sinceras en favor das mulleres. Comeza moi cedo, cun breve ensaio que leva por título *Lieders* (1858), onde pon de manifesto as súas ansias de liberdade nun mundo patriarcal:

Sólo cantos de independencia y libertad han balbucido mis labios, aunque alrededor hubiese sentido, desde la cuna ya, el ruido de las cadenas que debían aprisionarme para siempre, porque el patrimonio de la mujer son los grillos de la esclavitud. (O.C.: 285)

Esta exaltación de liberdade acentúase e concrétase no plano da literatura no prólogo da primeira novela de Rosalía, *La hija del mar* (1859), con sentencias coma esta:

Porque todavía no les es permitido a las mujeres escribir lo que sienten y lo que saben. (O.C.: 14)

En *Flavio* (1861) segue esa mesma busca recorrente da identidade de Rosalía como muller e escritora, a través do recurso da ironía:

Una mujer que se atreve a trasladar al papel sus sentimientos más ocultos, aquellos sentimientos que nadie puede penetrar..., aquellos de que ella misma debiera tal vez ruborizarse... ¡Locura! (O.C.:239)

Outra das súas obras, *Las literatas* (1866), evidencia, mediante certo velo irónico e anónimo, as críticas cara ós seus homónimos masculinos, que rexeitaban a incorporación da muller á vida cultural e relegábana ó papel de ama de casa e educadora de fillos:

Sobre todo los que escriben y se tienen por graciosos, no dejan pasar nunca la ocasión de decirte que las mujeres deben dejar la pluma y reparar los calcetines de sus maridos, si lo tienen, y si no, aunque sean los del criado. (O.C.: 291)

Nesta obra Rosalía xa afianza as constantes feministas, reiterando a inherente capacidade e a aptitude intelectual da muller, pese a oposición e a hostilidade imperante na sociedade do XIX. Esta reivindicación literaria foi froito da súa experiencia persoal, pois ela mesma sentiuse asfixiada por aquelas convencións sociais tan ríxidas. Sen embargo, dunha maneira irónica e velada animaba a mulleres coma ela a desempeñar un papel activo na sociedade:

No, mil veces no, Eduarda; aleja de ti tan fatal tentación, no publiques nada y guarda para ti sola tus versos y tu prosa, tus novelas y tus dramas. [...] ¿No ves que el mundo está lleno de esas cosas? Todos escriben y de todo. (O.C.: 289)

Por último, a temática intimista e existencialista de *Follas Novas* (1880)

deixa tamén cabida ó desarraigo da emigración desde a súa vertente máis feminina:

Éste vaise i aquel vaise,  
E todos, todos se van.  
Galicia, sin homes quedas  
Que te poidan traballar.  
Tes, en cambio, orfos e orfas  
E campos de soledad,  
E nais que non teñen fillos  
E fillos que non tén pais.  
E tes corazóns que sufren  
Longas ausencias mortás,  
Viúdas de vivos e mortos  
Que ninguén consolará. (O.C.: 457)

Tal e como se desprende do anterior, o feminismo rosaliano está presente tanto na prosa coma na poesía, sendo os dous medios propicios para a inserción da súa ideoloxía en prol da muller. Mais a prosa permitiulle a Rosalía amosarse máis combativa a través das caracterizacións e diálogos dos seus personaxes ou ben abertamente nos prólogos, mentres que o lirismo da súa poesía amainou a forza das súas críticas.

A variante da lingua galego-castelán tamén merece un comentario, pois Rosalía empregou o galego principalmente para transmitir as realidades máis apegadas a ela, xa foran da súa terra e da súa xente (*Cantares Gallegos*) ou do seu propio interior (*Follas Novas*) deixando en castelán aquelas obras cunha proxección máis ampla, non exclusivamente identificadas cun público galego. Curiosamente, coincide que a meirande parte da súa poesía foi escrita en galego mentres que para a prosa Rosalía empregou o castelán. Isto é debido á riqueza lingüística e social da súa dobre cultura; a castelá e a galega, pero ademais a un deliberado interese por escribir para os galegos na propia lingua autónoma e por expandir a súa literatura en castelán fóra das fronteiras de Galicia, para que as súas opinións, sentimentos e sátiras chegaran á sociedade castelá e cumprir así co dobre obxectivo de ser recoñecida no ámbito estatal e enxalzar a idiosincrasia do seu pobo.

## 5. Conclusións

¿Cales foron, finalmente, as achegas do conxunto destas literatas ó sistema cultural galego? A resposta poderíamola atopar no significativo aumento da produción escrita tanto en medios dinámicos (revistas e almanaques), como en obras líricas, morais e mesmo ensaios de temática máis profunda, colaborando así no rexurdir da identidade galega. Estas mulleres que mudaron o seu estatus pasivo e empregaron a literatura como vía de escape ás súas principais inquiredanzas contribuíron á reivindicación social da muller creadora e apta para o cultivo das letras, tratando de equipararse así ós seus homónimos masculinos. Por todo isto, o século XIX caracterízase por



unha significativa contribución da muller á creación literaria, pese a que este recuncho de vida pública no que participaban as mulleres non estaba exento de críticas por parte do sector masculino.

No caso de Rosalía, o seu feminismo activo residiu tamén no plano da literatura, xa que foi o medio de expresión máis combativo para criticar con forza a marxinação que sufría a muller, e concretamente a muller galega na sociedade rural do século dezanove. Sen embargo, non destacou na súa época por ser un modelo de reivindicación feminista tradicional, pois os críticos considerábanla como unha escritora romántica e costumista, xa que só tiñan en conta a súa faceta máis popular. Sen embargo, podemos observar nos seus escritos ese inconformismo social e, polo tanto, esa ansia de liberdade para o sexo feminino.

Pouco a pouco e gracias ós esforzos de persoeiros da vida cultural progresista tanto local como nacional no século XX (Azorín, Unamuno ou Lorca), foise achegando unha imaxe da Rosalía máis real, combativa e loitadora, que deu paso a descubrir outros aspectos e trazos desta autora (que amosa ser galeguista, realista e mesmo existencialista). Disto dan fe os estudos de Xesús Alonso Montero (1972), Marina Mayoral (1974), Ricardo Carballo Calero (1979) ou no panorama internacional, Claude Henri Poullain (1974) ou Catherine Davies (1987). A partir dos anos 70 reparouse na dimensión feminista (os seus valores en prol da muller) que foi profusamente estudada por críticos literarios coma María Xosé Queizán (1977), Matilde Albert Robatto (1981), Nidia Díaz (1976), Carmen Blanco (1991) e a propia traductora das súas obras en prosa ó inglés, Kathleen March (1994), autoras todas elas que comparten o mesmo enfoque de xénero.

Hoxe en día, e tras moitos estudos monográficos centrados na súa obra en prosa máis combativa (como o número especial da revista feminista *Festa da Palabra Silenciada*, 1985) e tras varios congresos consagrados a debater sobre a súa faceta máis crítica (*Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, celebrado en Santiago en 1985), Rosalía revélase como a auténtica precursora do feminismo literario en Galicia.

Por todo isto, Rosalía é ademais dun símbolo para as nosas letras galegas, polo que significou o conxunto da súa obra no período clave do Rexurdimento, un modelo para a loita feminista desde a vertente literaria.

### **Bibliografía citada**

- ALBERT ROBATTO, Matilde. *Rosalía de Castro y la condición femenina*. Madrid: Partenón, 1981.
- ALONSO MONTERO, Xesús. *Rosalía de Castro*. Madrid: Júcar, 1972.
- ARMAS GARCÍA, Celia María. *As mulleres escritoras (1860-1870). O xenio de Rosalía*. Santiago de Compostela: Laivento, 2002.
- BLANCO, Carmen. *Literatura galega de muller*. Vigo: Xerais, 1991.
- CARBALLO CALERO, Ricardo. *Estudos Rosalianos. Aspectos da vida e da*

- obra de Rosalía de Castro*. Vigo: Galaxia, 1979.
- CONSELLO DA CULTURA GALEGA (ed.). *Actas do Congreso Internacional sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, 1986, 3 volumes.
- DAVIES, Catherine. *Rosalía de Castro no seu tempo*. Vigo: Galaxia, 1987.
- DE CASTRO, Rosalía. *Obras completas*. Santiago de Compostela: Sálvora, edición de 1983. 3 volumes.
- DÍAZ, Nidia. *La protesta social en la obra de Rosalía de Castro*. Vigo: Galaxia, 1976.
- JIMENO DE FLAQUER, María. *La mujer española*. Madrid: Imprenta de Miguel Guijarro, 1887.
- MARCH, Kathleen N. *De musa a literata: el feminismo en la obra de Rosalía de Castro*. A Coruña: Edicións do Castro, 1994.
- MARTÍN, Elvira. *Tres mujeres gallegas del siglo XIX: Concepción Arenal, Rosalía de Castro y Emilia Pardo Bazán*. Barcelona: Aedos, 1977.
- MAYORAL, Marina. *La poesía de Rosalía de Castro*. Madrid: Gredos, 1974.
- POULLAIN, Claude-Henri. *Rosalía de Castro de Murguía y su obra literaria*. Madrid: Editora Nacional, 1974.
- QUEIZÁN, María Xosé. *A muller en Galicia. A muller na sociedade galega. A lingua galega e a muller. Análise estrutural de dous feitos represivos*. Sada: Edicións do Castro, 1977.
- VV.AA. *Festa da Palabra Silenciada*. Monográfico dedicado a Rosalía de Castro, 2, Vigo (1985).

González Liaño, Iria. "Socioloxía das literatas na Galicia do Rexurdimento. A singularidade do pensamento feminista de Rosalía de Castro". *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filoloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.